

Programa Formación Especializada para Cooperativas

[En colaboración co Concello de Santiago de Compostela]

Datas: do 13 de maio ao 10 de xuño de 2025 | **Número de cursos do programa:** 3 cursos

Duración: 25 horas | **Formato:** Presencial

Lugar de celebración: Aula 1 | Edificio Cersia Empresa (Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, Santiago)

Inscripción: [preme aquí](#) **Máis información:** Patane García - 881 887 456 - patane@espazo.coop

Obxectivos

- Actualizar e adquirir coñecementos, en temas de innovación e mellora empresarial identificados como demandas das cooperativas, en relación coas súas especificidades e particularidades societarias.
- Clarificar o marco legal aplicable ao cooperativismo de traballo, os rexímenes da seguridade social. Coñecer o funcionamento da organización cooperativa e unha xestión societaria acaída.
- Proporcionar unha introdución práctica ao marketing dixital para persoas sen coñecementos previos, permitindo que entendan os seus conceptos básicos e os apliquen nas súas cooperativas.
- Achegarnos á IA dende a Economía Social. Coñecer o que é, os seus fundamentos, aspectos éticos e legais, como integrala cos principios e valores da economía social, retos que supón e oportunidades.

Programa e contidos

O programa consta de 3 cursos, podendo realizar un, dous ou os tres cursos. A recomendación é realizar todos para completar o itinerario formativo do programa.

CURSO 1 | XESTIÓN LABORAL E SOCIETARIA NAS COOPERATIVAS

10 horas | 2 sesións: martes 13 de maio e 10 de xuño | **horario:** 9:30 – 14:30 hs. | **Imparten:** Xedega, S.Coop.Galega e EspazoCoop

- Análise e reflexión sobre a aplicación da normativa laboral nas Cooperativas de Traballo Asociado.
- Rexímenes da Seguridade Social: bonificacións, coberturas, tempo parcial, contrato de traballo, permisos, excedencias.
- Anticipo societario (nómina), dietas socios, etc. Cálculos prácticos de custes.
- Extinción / Suspensión da Relación socio-laboral (expulsión, ERTE). Aplicación e casos prácticos.
- Órganos de Goberno das Cooperativas: Asemblea, Consello Reitor e Socio. Funcións e perfís máis axeitados. Exemplos.
- Decisións Asemblearias e Decisións de xestión operativa. Exemplos.
- Administración da Cooperativa: Libros Sociais, Obrigas mercantís, Xestión administrativa, documentación obrigatoria.

CURSO 2 | CURSO BÁSICO DE MÁRketing DIXITAL PARA COOPERATIVAS

10 horas | 2 sesións: martes 20 e 27 de maio | **horario:** 9:30 – 14:30 hs. | **Imparte:** Nakeep, S.Coop.galega

- Que é o marketing dixital?
- Presenza en liña
- Páxina web: tipos e optimización segundo o negocio
- Embudo de conversión, cliente ideal e viaxe do cliente
- Posicionamento orgánico (SEO)
- Redes sociais: importancia, estratexias e xestión
- Publicidade dixital

- Email marketing
- Analítica dixital
- Estratexias nun negocio real

CURSO 3 | INTELIXENCIA ARTIFICIAL E ECONOMÍA SOCIAL

5 horas | 3 de xuño | horario: 9:30 – 14:30 hs. | Imparte: Pendente

- Fundamentos da Intelixencia Artificial
- Aspectos éticos e legais
- Integracións cos principios e valores da economía social
- Retos e oportunidades para as cooperativas

Metodoloxía

A metodoloxía é activa e participativa. Os cursos proponse como unha oportunidade para traballar de xeito práctico e acompañamento dunha persoa experta na materia e cunha dilatada experiencia nestes procesos, na resolución de casos prácticos.

Dirixido a

Con preferencia a persoas socias pertencentes aos equipos directivos e Consello Reitor de Cooperativas e outras empresas e entidades da economía social, persoal de asesorías e xestorías, profesionais do asesoramento e acompañamento a empresas, persoas en proceso de creación de cooperativas ou interesadas na transformación do seu negocio actual nesta fórmula, público interesado en xeral.

Formulario de inscrición

Para realizar a inscrición aos cursos do programa [preme aquí](#)

Impulsado e promovido por

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop | www.espazo.coop

Financiado por

[Programa impulso dun ecosistema emprendedor na economía social. En colaboración co Concello de Santiago de Compostela | Programa Compostela Móvese 2025]